



# **I.E.S. AFONSO X O SABIO**

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

## Índice do Plan Dixital

### 1. [Introdución](#)

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

### 2. [Situación de partida](#)

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

### 3. [Plan de Acción](#)

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

### 4. [Avaliación do PD](#)

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

### 5. [Difusión do PD](#)

### 6. [Cadro Resumo da Infraestrutura de equipamento do Centro](#)

## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1. Datos básicos do centro

O Instituto de Educación Secundaria “**Afonso X O Sabio**” de A Barcala, está situado no Concello de Cambre, municipio da provincia de A Coruña.

Encóntrase a 12 km da cidade de A Coruña e está comunicado pola estrada N-550, pola autoestrada A-9 e varias estradas locais. Ata a Barcala pode accederse mediante transporte público cada 15 minutos. O instituto conta tamén cun servizo de transporte para o alumnado que o precise.

A maior parte do alumnado do centro provén do concello de Cambre dos tres CEIPS que o centro ten adscritos na actualidade: o Wenceslao Fernández Flórez de Cambre, O Graxal e Portofaro do Temple. O alumnado dos ciclos formativos provén tanto do concello de Cambre coma dos concellos limítrofes.

#### **DATOS DO CENTRO:**

Rúa Río Sil, nº9

15660 A Barcala (Cambre)

Teléfono: 881.880.339

E-mail: [ies.afonsoxcambre@edu.xunta.gal](mailto:ies.afonsoxcambre@edu.xunta.gal)

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesafonsoxcambre/>

No IES Afonso X O Sabio impártense dous tipos de **ensinanzas**:

- Obrigatorias: **ESO** (ensino secundario obrigatorio)
- Post-obrigatorias:
  - **Bacharelato** nas modalidades:
    - Humanidades e Ciencias Sociais.
    - Ciencias da Natureza e da Saúde.
  - **Ciclo Formativo de Grao Medio de Xestión Administrativa.**
  - **Ciclo Formativo de Grao Superior de Administración e Finanzas.**
  - **FP Básica de Informática de Oficina.**

No centro hai en total **798 alumnos e alumnas** no curso 2021/2022.

O claustro está composto por **79 membros**. Destes, 67 docentes teñen o seu destino definitivo no centro e o resto son profesores en comisión de servizos, en expectativa de destino, en prácticas ou interinos.

O Centro conta no seu cadro de persoal con dous auxiliares administrativos, dous membros de persoal subalterno e catro persoas no equipo de limpeza. Hai tamén unha coidadora para atender ao alumnado dependente. No presente curso hai ademais dúas auxiliares de conversa, unha de Inglés e outra de Francés.

### **Distribución do alumnado e do profesorado por niveis educativos:**

<b>Etapas</b>	<b>Equipo directivo</b>	<b>Profesorado</b>	<b>Alumnado</b>
<i>Educación Secundaria</i>	3	59 (23 son de forma exclusiva)	499
<i>Bachillerato</i>	3	35 (3 de forma exclusiva)	191
<i>Formación Profesional</i>	1	10 (7 de forma exclusiva)	108

## **1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro**

O I.E.S. “Afonso X O Sabio” está situado, dentro do Concello de Cambre, nunha contorna urbanizada, cunha poboación de 6.982 habitantes. O contexto socioeconómico é medio, e o alumnado mostra coñecemento e interese polas novas tecnoloxías.

O centro recolle no seu PEC a vontade da comunidade educativa de apostar polas tecnoloxías da información e comunicación adaptadas aos contextos de ensino aprendizaxe. Está a facerse un esforzo específico na adecuación dos medios dixitais dispoñibles co aumento de actividades que capaciten aos alumnos para o seu uso.

Na programación xeral anual especifícase no obxectivo 1: Continuar coa renovación pedagóxica, apostando polo dominio das novas tecnoloxías o cal supón dar unha importancia prioritaria ao desenvolvemento dos plans de dixitalización do centro co apoio do profesorado e da administración.

Ademais o instituto é un centro moi dinámico que participa en múltiples programas e convocatorias, entre as que cabería citar a concesión do Premio Innovagal 20-21, Seccións Bilingües, Programas Europeos (Erasmus+ KA1 e KA2), EDIXGAL ou Clubs de Lectura e de Ciencias, entre outros.

## **1.3. Breve xustificación do mesmo**

A normativa en relación co Plan Dixital do noso centro contextualízase en:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

#### **1.4. Proceso de elaboración**

*Para a elaboración do Plan Dixital formouse a principios do curso 2021/2022 un Grupo de Traballo (PFPP) composto por 7 docentes do centro.*

*Para organizar o proceso de elaboración do Plan, o Equipo de Dinamización do Plan Dixital reuniuse en diversas ocasións ao longo do curso e traballou de forma conxunta e individual seguindo a ruta de traballo proposta pola Consellería e polo equipo de apoio ADIX.*

##### Fases do proceso:

- *Formación do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.*
- *Posta en marcha da rede e contacto das persoas ADIX cos centros.*
- *Configuración do SELFIE no centro educativo e participación no test do alumnado, o profesorado e o equipo directivo.*
- *Realización do test CDD por parte do profesorado dos centros.*
- *Análise do Test SELFIE e do Test CDD.*
- *Participación nun curso de formación sobre a realización do análise DAFO.*
- *Realización do Análise DAFO recompilando datos e reflexionando sobre os resultados obtidos.*
- *Participación nun curso de formación sobre a realización do Plan de Acción.*
- *Realización dun Plan de Acción definindo os obxectivos e as accións a seguir tendo en conta a Análise DAFO .*
- *Realización da versión 1.0 do Plan Dixital.*

## 2. SITUACIÓN DE PARTIDA

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

*O IES Afonso X “O Sabio” ten dous edificios.*

*O edificio principal do IES Afonso X O Sabio foi construído entre os anos 1998 e 1999 e comezou a ser usado no curso 1999-2000. Durante o curso 2005-06 construíuse un edificio anexo con dez aulas, no que normalmente se imparten as clases de Bacharelato, FP Básica e Ciclos de FP. No curso actual, dada a situación de adecuación das aulas ao contexto covid, esta distribución viuse alterada, xa que houbo que adaptar a ubicación dos distintos grupos en función do aforo das aulas. Este edificio principal consta de:*

- *Un soto no que se atopa unha aula de tecnoloxía, dúas aulas para desdobres que ocupan a que no seu día foi casa do conserxe, a sala de caldeiras, dous vestiarios para o persoal de limpeza e un almacén.*
- *Planta baixa na que á esquerda está a conserxería, o departamento de Orientación, a Secretaría, os despachos do equipo Directivo e a Biblioteca. Á dereita atópase a cafetería, os departamentos didácticos, sala do profesorado e dúas salas de recepción de familias (unha delas habilitada como sala covid no curso presente). Na parte central atópase o salón de actos, a aula de convivencia, unha aula de Música e un almacén.*
- *Primeira planta: ocupada por aulas dos grupos, aula de Música, laboratorios de Física e Química e de Bioloxía e unha aula de idiomas.*
- *Segunda planta: nela atópanse aulas ordinarias e específicas de Música, de Informática, Debuxo e Inglés.*

*O edificio novo consta de planta baixa e dúas alturas. Na planta baixa atópase a sala do profesorado, conserxería, aulas dos ciclos de FP e o local da ANPA.*

*Nas plantas primeira e segunda atópanse as aulas de Bacharelato e algunha de ciclos de FP. Exteriormente o Centro conta con dúas pistas polideportivas descubertas e un edificio anexo que é o Ximnasio. Tamén hai un pequeno patio cuberto, anexo ao edificio novo e un corredor cuberto entre os dous edificios que completan a dotación do centro.*

#### ***Infraestructura dixital do centro:***

*Nos dous edificios hai conexión a Internet cableada e sen fíos.*

## **Equipamento dispoñible e identificación dos usos por categoría:**

### **AULAS DIXITALIZADAS (Con conectividade e posibilidade de visualización e interacción.)**

#### 1. Edificio principal:

#### **- 2 Aulas para FPBásica:**

- 1 aula con 1 ordenador para profesorado, 15 para alumnado, un proxector e unha pantalla.
- 1 aula con 1 ordenador para profesorado, 18 ordenadores para alumnado, un proxector, unha pantalla e unha impresora.

#### **- 4 Aulas para 1º de Bacharelato (A, B, C, D):**

- 1 ordenador para profesorado, 1 pantalla e 1 proxector por cada aula.

#### **- 1 Aula de Desdobre:**

- 1 ordenador para profesorado, 1 pantalla táctil e 1 proxector por aula.

#### **- 2 Aulas para Tecnoloxía:**

- 1 aula con 7 ordenadores para o alumnado, 1 para o profesor e 1 proxector.
- 1 aula con un ordenador para o profesorado e 1 proxector.

#### **- 3 Laboratorios para Química; Física e Bioloxía e Xeoloxía:**

- 1 laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía con 1 ordenador para profesorado, 1 pantalla e 1 proxector.
- 1 laboratorio de Física con 1 ordenador para profesorado, 1 pantalla, 1 proxector e unha impresora multifunción.
- 1 laboratorio de Química con 1 ordenador, 1 proxector, 1 pantalla e 1 impresora.

**- 2 Aulas de Debuxo:** un ordenador no posto do profesorado, un proxector e unha pantalla por aula. A maiores, nunha aula hai unha impresora.

**- 2 Aulas de Música:** un ordenador por aula no posto do profesorado, proxector e pantalla.

#### **- 1 Aula de Apoio:**

- 1 ordenador, 1 portátil ACER da Xunta e unha impresora.

#### **- 1 Aula de Apoio:**

- 1 ordenador, 1 portátil ACER da Xunta e unha impresora.

## 2. Edificio novo:

### - 4 Aulas para Ciclo Medio e Superior:

- 3 aulas con 1 ordenador para profesorado, 22 ordenadores para alumnado, proxector e pantalla.
- 1 aula con 1 ordenador para profesorado, 17 para alumnado, proxector e pantalla.

### - 4 Aulas para 2º de Bacharelato (A, B, C, D):

- 1 ordenador para profesorado, 1 pantalla e 1 proxector por cada aula.

### - 4 Aulas de desdobres:

- 1 ordenador para profesorado, 1 pantalla e 1 proxector por cada aula.

### - 2 Aulas de PMAR:

- 1 ordenador para profesorado, 1 pantalla e 1 proxector por cada aula.

### - 2 Aulas no soto:

- 1 ordenador para profesorado, 1 pantalla e 1 proxector por cada aula.

### - Salón de Actos:

- 1 portátil e 1 proxector.

### - Aula de convivencia:

- 1 portátil e 1 proxector.

## PROXECTO EDIXGAL

O centro incorporouse ao plan E-Dixgal no curso 2016/2017 e no presente ano académico 2021/22 ampliouse a 3º e 4º da ESO.

Hai 23 aulas do centro coa dotación de dispositivos E-Dixgal para todo o alumnado da ESO e o profesorado desta etapa:

- En cada aula hai: proxector, encerado dixital interactivo (en 9 aulas non funciona o táctil), portátil de aula para o profesorado, carro e punto de acceso wifi ou wifi.
- 499 portátiles para o alumnado máis 9 de reposto.
- Portátiles para o profesorado que imparte na ESO.



## EQUIPOS DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN

### 1. Administración do centro:

- **Dirección:** portátil HP Pavilion dv6
- **Vicedirección:** portátil Acer Aspire 3
- **Secretario:** portátil Lenovo Ideapad 700
- **Xefatura:** sobremesa Acer KS
- **Admin1:** sobremesa HP Prodesk 600 G2 MT
- **Admin2:** Compaq Q Core2
- **Compartido:** Fotocopiadora Bizhub C554e (renting)
- **Compartido:** Destructora Fellowes 350C

### 2. Conserxería:

- **Conserxe:** MiniPC Minix NEO G41V-4 Max
- **Compartido:** Fotocopiadora Bizhub C554e (renting)
- **Compartido:** Fotocopiadora Bizhub C554e (renting)

## USO NA BIBLIOTECA

- Hai un ordenador para xestión de catálogo de libros.
- Hai 6 ordenadores para consulta de libros e conexión a internet – XUGA 2007 e 2008.

## EQUIPOS NA SALA DE PROFESORADO

- **Sala de profesorado do edificio principal:**
  - 1 ordenador e 3 portátiles.
- **Sala de profesorado do edificio novo:**
  - 1 portátil para profesorado.

## EQUIPOS NOS DEPARTAMENTOS

### 1. Edificio principal:

- **Departamento de Inglés:**
  - 1 ordenador que funciona ben, 1 ordenador e 2 portátiles que non funcionan moi ben e unha impresora.

**- Departamento de Tecnoloxía:**

- 1 ordenador e unha impresora.

**- Departamento de Educación Física/Informática:**

- 2 portátiles e 2 pantallas.

**- Departamento de Lingua Castelá:**

- 1 ordenador, 1 portátil e 1 impresora.

**- Departamento de Matemáticas:**

- 2 ordenadores e unha impresora.

**- Departamento de Filosofía/Relixión:**

- 1 ordenador.

**- Departamento de Latín/Grego:**

- Comparte espazo co departamento de Xeografía e Historia.

**- Departamento de Xeografía/Historia:**

- 1 portátil e 1 impresora.

**- Departamento de Bioloxía e Xeoloxía:**

- 1 portátil e 1 impresora.

**- Departamento de Química:**

- Está situado no laboratorio de Química, que forma parte do listado de Aulas Dixitalizadas.

**- Departamento de Debuxo:**

- Está situado na aula de Debuxo.

**- Departamento de Lingua galega:**

- 1 ordenador e 1 impresora.

**- Orientación I e II:**

- 2 ordenadores e 1 impresora.

**- Espazo para Coordinadora Edixgal:**

- 1 portátil e 1 impresora.

1. *Edificio novo:*

- **Departamento de Administración para Ciclos Formativos:**

- 3 ordenadores para o profesorado e unha impresora.

**EQUIPOS ULTRAPORTÁTILES PARA AULA MÓBIL.**

Non hai ningún equipo con posibilidade de desprazamento para o seu uso e para necesidades específicas.

**AULAS DE INFORMÁTICA**

*Hai dos aulas para Informática:*

- 1 aula con 1 ordenador para o profesorado, 21 ordenadores para alumnado e un proxector.

*1 aula con 1 ordenador para profesorado, 22 ordenadores para alumnado e un proxector.*

**PARA PROXECTOS ESPECÍFICOS.**

Non hai equipamento dispoñible para proxectos específicos.

**Servizos dixitais educativos:**

O centro dispón dunha serie de servizos corporativos e non corporativos que facilitan a xestión do centro:

- Páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesafonsoxcambre/>
- Entorno Virtual de Aprendizaxe (eva) para a ESO.
- Aula virtual para Ciclos e Bacharelato.
- espazo Abalar e Abalarmóbil para a xestión das titorías e para a comunicación entre docentes coas familias.
- Conta de Google For Education corporativa do centro para o profesorado e o alumnado do segundo ciclo da ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.

**Xestión do mantemento do equipamento do centro:**

No centro existe un “Equipo TIC” e un “Equipo Edixgal” formado por profesorado do centro que se encarga de forma voluntaria das incidencias xestionando e mantendo os dispositivos do centro.

Para realizar esta xestión dunha forma efectiva este curso púxose en funcionamento o uso dunha aplicación online (CognitoForms) que facilita a notificación e a xestión de incidencias.

A maiores, o centro conta co soporte técnico da UAC e ten contratado unhas horas a semana a un informático dunha empresa externa.

**Protocolos do centro relacionados coas TIC:**

Non existen ningún Plan de continxencia do centro relacionado coas TIC.

Un dos obxectivos deste Plan de Acción é realizar os protocolos de EDIXGAL e realizar nun curso virtual documentación relacionada coas TIC no Centro.

**2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO**

**2.2.1. Autoavaliación SELFIE**

Para realizar o Plan Dixital a maior parte do profesorado e do alumando participou na enquisa de autoavaliación proporcionada pola ferramenta SELFIE, da Comisión Europea. Esta ferramenta proporciona un informe de situación no que nos apoiamos para obter o Plan Dixital.

A enquisa realizouse entre o martes 2 e o luns 22 de novembro.

A participación do alumnado e o profesorado foi bastante alta, sendo esta a seguinte:

PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO E O PROFESORADO NO TEST SELFIE			
Etapas	Equipo directivo	Profesorado	Alumnado
Educación Secundaria	50%	86%	78%
Bacharelato	25%	240%	51%
Formación Profesional	100%	100%	70%

O SELFIE define unha serie de **áreas estratéxicas**:

- A. Liderado.
- B. Colaboración e redes.

- C. Infraestrutura e equipos.
- D. Desenvolvemento Profesional Continuo (DPC).
- E. Pedagogía: apoios e recursos.
- F. Pedagogía: implementación na aula.
- G. Prácticas de avaliación.
- H. Competencias dixitais do alumnado.

**Resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas		
		ESO	Bacharelato	FP
<b>A - Liderado</b>	Equipo Direct.	4,2	3,3	2,5
	Profesorado	3,7	3,6	2,9
	Alumnado	-	-	-
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	3,8	2,7	2,7
	Profesorado	3,1	2,9	3
	Alumnado	3,1	2,3	3,2
<b>C- Infraestructuras e Equipos</b>	Equipo Direct.	4,2	3,7	2,6
	Profesorado	3,8	3,7	3,7
	Alumnado	3,9	3,2	3,6
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	4,5	2,7	3,3
	Profesorado	3,3	3,3	3,1
	Alumnado	-	-	-
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	4,6	4,5	3,8
	Profesorado	4,1	4,1	4,3
	Alumnado	4	3,7	4,1
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	3,8	3,6	3,4
	Profesorado	3,6	3,5	3,4
	Alumnado	3,3	2,8	3,4
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	3,4	2,3	3
	Profesorado	3,1	3,2	3
	Alumnado	2,9	2,4	3,2
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	4	3,5	3,8
	Profesorado	3,5	3,6	3,3
	Alumnado	3,3	3,2	3,5

### 2.2.2. Test CDD

O Test de **Competencia Dixital Docente (CDD)** é un cuestionario realizado en FPROFE para que a través del, o profesorado faga un proceso de auto-reflexión e aprenda máis sobre os seus coñecementos, identifique os seus puntos fortes e as súas debilidades.

O Test realizouse entre o martes 8 e o luns 28 de febreiro. Realizouno a maior e parte do profesorado. Hai que ter en conta que o profesorado que imparte clases en distintos niveis consta nas distintas etapas nas que participou.

#### Participación do centro:

Nº de profesorado que participa	Nº profesorado total	% de participación
64	84	76,2%

#### Participación por etapas:

Etapas	Profesorado que participa	que Profesorado total	% de participación
Educación Secundaria	53	71	74,6%
Bacharelato	34	43	79,1%
Formación Profesional	13	14	92,9%

#### Participación segundo perfil do profesorado (Táboa 1.3. do Test CDD):

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	51	64	79,7%
<b>PROVISIONAL</b>	10	12	83,3%
<b>INTERINO</b>	1	3	33,3%
<b>SUBSTITUTO</b>	1	4	25%
<b>DESPRAZADO</b>	1	1	100%

***Puntuación e nivel de competencia do centro (Táboa 2.1. do Test CDD):***

<b>Puntuación media do test (sobre 192)</b>	<b>Nivel de competencia</b>	<b>Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)</b>	<b>Nivel de competencia en Galicia</b>
74,6%	<i>Integrador/a (B1)</i>	76,4%	<i>Integrador/a (B1)</i>

***Puntuación e nivel de competencia por etapas (Táboa 2.2. do Test CDD):***

	<b>Puntuación media do test (sobre 192)</b>	<b>Nivel de competencia</b>	<b>Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)</b>	<b>Nivel de competencia en Galicia</b>
<b>ESO</b>	75,6	<i>Integrador/a (B1)</i>	79,2	<i>Integrador/a (B1)</i>
<b>BAC</b>	76	<i>Integrador/a (B1)</i>	77,9	<i>Integrador/a (B1)</i>
<b>F.P</b>	72,9	<i>Integrador/a (B1)</i>	80,3	<i>Integrador/a (B1)</i>

***Distribución do profesorado por niveis (Táboa 2.3. do Test CDD):***

	<b>Total profesorado no nivel de competencia</b>	<b>% de profesorado participante neste nivel</b>
<b>A1</b>	2	3,1%
<b>A2</b>	24	37,5%
<b>B1</b>	25	39,1%
<b>B2</b>	10	15,6%
<b>C1</b>	3	4,7%
<b>C2</b>	0	0
<b>TOTAL</b>	64	100%

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, Test CDD e outras fontes, xerouse unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

FACTORES NEGATIVOS	
DEBILIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>Algunhas familias reticentes ao emprego das TIC e teñen desconfianza cara a aprendizaxe do alumnado.</li> <li>A1- Falta dunha estratexia dixital clara.</li> <li>A2-Cambios frecuentes de profesorado. Pouca implicación na formación por parte dalgúns profesores.</li> <li>A3-Algúns empregan metodoloxías tradicionais.</li> <li>A4-Falta de tempo para explorar a competencia dixital.</li> <li>A3-Algúns son reticentes á innovación dixital.</li> <li>B1,B2-Baixa avaliación e debate sobre as TIC.</li> <li>B3-Escaso traballo en equipo.</li> <li>D1,D3-Baixo debate sobre DPC.</li> <li>E2-Escasa creación de recursos dixitais.</li> <li>G3,G5,G8-Baixo uso de tecnoloxías nas avaliacións.</li> <li>C8-Pouca dispoñibilidade de dispositivos dixitais en Bac.</li> <li>C13OP NA ESO: algún non cargan o portátil cando o levan á casa.</li> <li>H10-Competencia dixital media baixa. Nalgúns casos desinterés polo aprendizaxe.</li> <li>A3-Centro grande con moito alumnado de diferentes niveis: ESO Bach, CF, FPB.</li> <li>A6-Baixa colaboración das empresas na estratexia dixital do centro en FP.</li> <li>C2,C8- Algúns equipos antigos nas aulas de informática. Mal funcionamento dalgúns dispositivos.</li> <li>C5 Pouca dispoñibilidade de horas para asistencia técnica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>A6-Pouca participación das empresas no currículo da FP.</li> <li>B3.Pouca colaboración con outras organizacións.</li> <li>C7. Normativa estricta en canto á protección de datos. Falta de concentración curricular para orientar o Plan Dixital.</li> <li>C2-Falta de dotación de equipamento para Bac e FP. A formación específica ofertada non cobre todas as necesidades. Pouco tempo para dedicar á formación. Poucos docentes de apoio para alumnado con NEAE.</li> <li>C5-Servicio técnico pouco áxil.</li> <li>A localización do centro socioeconómico da contorna é baixo .</li> <li>Centro moi grande, ratio profesorado/alumnado elevado en todos os niveis. Fenda dixital tanto entre o profesorado como entre o alumnado.</li> </ul>
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>Personal non docente colaborador na loxística das actividades educativas do centro.</li> <li>B1- Vólórase o progreso do proceso de Ensino-Aprendizaxe con tecnoloxías.</li> <li>D2-Participación media-alta no DPC.</li> <li>E1,E3-Alto emprego de EV e recursos en liña.</li> <li>E4-Hai canles de comunicación.</li> <li>F-Alto uso de actividades dixitais.</li> <li>C1- Hai catro aulas de informática.</li> <li>C2- Dispoñibilidade de dispositivos dixitais (pizarra dixital e ordenador) para o ensino.</li> <li>C3-Boa conexión a Internet.</li> <li>C5-Boa implicación dos docentes con competencia dixital na asistencia técnica e axudando aos compañeiros.</li> <li>C8-Alta dispoñibilidade de dispositivos dixitais para o aprendizaxe na ESO grazas a Edixgal.</li> <li>H (Todas)-O alumnado di que adquire competencias dixitais no centro. Alta porcentaxe de alumnado con motivación e interese polo emprego de computadoras.</li> <li>C1-Concienciación do equipo directivo sobre a importancia das TIC.</li> <li>C5-Hai un formulario online para incidencias informáticas.</li> <li>C15OP-Hai unha web, EDIXGAL na ESO e aula virtual en Bac e ciclos.</li> <li>H12OP-Parte do profesorado con formación axeitada.</li> <li>Edixgal, Erasmus. Seccións bilingües. Programas Europeos. Convivencia. Biblioteca. Club de ciencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Implicación do concello na difusión das actividades do centro.</li> <li>Obradoiros para o alumnado da ESO sobre comportamento responsable na rede por parte da Garda Civil.</li> <li>C1-Contración polo centro dun equipo de asistencia informática.</li> <li>Algunhas familias apoian ao centro no proceso de ensino aprendizaxe . Son favorables e implicadas co emprego das TIC no aprendizaxe dos seus fillos.</li> <li>C12-Alto apoio por parte das bibliotecas e os centros socioculturais da zona para acceso a dispositivos e redes. Implementación das TIC na maior parte da sociedade (Vida social, comunicación, institucións...)</li> <li>Apostan pola ensinanza dixital.</li> <li>Inmersión en proxectos educativos como EDIXGAL.</li> <li>Amplia oferta de formación do profesorado.</li> <li>C2-Dispoñibilidade dun equipo informático para o profesorado da ESO.</li> <li>C5-Soporte Premium 24x7 en Edixgal.</li> </ul>
FACTORES POSITIVOS	



### 3. PLAN DE ACCIÓN

O seguinte paso para realizar o Plan Dixital é deseñar o Plan de Acción definindo unha serie de obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

O Plan de Acción faise tendo en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital, que neste caso corresponde ao curso 2021/22.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e acción

A partir do Análise DAFO o Grupo de Traballo encargado da realización do Plan Dixital estableceu áreas prioritarias e determinou unha serie de obxectivos para o curso 2022/2023.

Os obxectivos definíronse tendo en conta a filosofía SMART:

- Específicos (Specific): deben ser o máis concretos posibles. Deben estar redactados de tal forma que se comprenda exactamente o que se pretende facer e como.
- Medibles (Measurables): deben responder a metas cuantificables para saber cando se acada.
- Alcanzables (ACHIEVABLE), É DICIR, QUE SEXAN AMBICIOSOS, PERO POSIBLES.
- Relevantes (Relevant): que conleven un beneficio importante para a organización educativa.
- Definidos no tempo (Time Bound): que sexan axustados a un marco temporal para identificar as etapas e os fitos que permitirán acadar os obxectivos.

Para a consecución de cada obxectivo deseñáronse varias accións nas que se inclúen:

- Os recursos (humanos, equipamento e económicos).
- As persoas responsables.
- Os indicadores de logro.
- Os instrumentos para medilos.
- Os prazos de realización.

As accións organizáronse polas áreas estratéxicas definidas no SELFIE, que corresponden as áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Os obxectivos e as accións a seguir no curso 2022/23 se reflicten nas táboas que veñen a continuación:

**Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro**

<b>“Área/s de mellora”: LIDERADO (A)</b>						
<b>OBXECTIVO 1 (1):</b>	<b>Organizar e facilitar o acceso á documentación TIC do centro.</b>				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo e Equipo TIC.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Sistema de organización da documentación TIC creada.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non hai ningún sistema.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	100% da documentación organizada e accesible.			30/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A01.1: Localizar e organizar a documentación existente e crear un curso na Aula Virtual do centro</b>	Equipo TIC e Equipo Directivo	22/12/2022	Documentación, internet, ordenador, aula virtual.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.2: Subir a documentación existente ao curso creado na Aula Virtual.</b>	Equipo TIC	31/03/23	Documentación, internet, ordenador, aula virtual.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.3: Completar o curso coa documentación que falte: manuais, procedementos, protocolos de boas prácticas...</b>	Equipo TIC	30/06/2023	Documentación, internet, ordenador, aula virtual.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

**Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro**

<b>“Área/s de mellora”: INFRAESTRUCTURAS (C5-Asistencia técnica)</b>						
<b>OBXECTIVO (1):</b>	<b>Revisar e actualizar os protocolos EDIXGAL do Centro.</b>				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo EDIXGAL.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de profesores/as implicados na redacción dos protocolos.					
<b>Valor de partida (3)</b>	(3 profesores/as) - Equipo EDIXGAL.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	- Colaboración de mínimo o 15% do Claustro. (Aportacións do Equipo TIC, Departamentos e Titores/as). - Protocolos EDIXGAL do Centro redactados.			22/12/2022		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A02.1: Reunión do Claustro e CCP para explicar a importancia de revisar e actualizar os protocolos EDIXGAL.</b>	Equipo EDIXGAL.	30/09/22	Convocatoria de Claustro. Convocatoria de CCP.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A02.2: Creación dun grupo de traballo encargado da elaboración dos protocolos e reparto de tarefas.</b>	Equipo EDIXGAL + Equipo TIC + Profesorado doutros dptos. + Titores/as	31/10/22	CFR Fprofe		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A02.3: Publicación e difusión dos protocolos entre o profesorado, alumnado e familias.</b>	Equipo EDIXGAL.	22/12/22	Páxina web do Centro. Plataforma EDIXGAL.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

**Táboa 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro**

<b>“Área/s de mellora”: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO (D)</b>						
<b>2. OBXECTIVO (1):</b>	Mellorar a competencia do profesorado no uso das Aulas Virtuais Moodle e EDIXGAL				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de profesores formados.					
<b>Valor de partida (3)</b>	O 74,6% do profesorado ten o nivel de competencia Integrador (B1). En ensino e aprendizaxe hai un 31,3% e en avaliación só un 29,7% con ese nivel.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Obter un 20% máis do profesorado do centro nas competencias de ensino, aprendizaxe e avaliación dixital.			30/06/2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A03.1: Crear un grupo de traballo encargado da formación e do seguimento.</b>	Equipo directivo	30/09/22	Convocatoria.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A03.2: Informar ao claustro sobre a realización dun curso de iniciación / actualización sobre as Aulas Virtuales MOODLE e EDIXGAL.</b>	Equipo TIC / Equipo Directivo/ Equipo EDIXGAL	22/12/2022	Documentación, internet, ordenador, aula virtual.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>A03.3: Realizar formación específica sobre a avaliación nas Aulas Virtuais MOODLE e EDIXGAL</b>	Equipo TIC / Equipo EDIXGAL	28/04/23	Documentación, internet, ordenador, aula virtual.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A03.4: Establecer unha sesión semanal/quincenal para a consulta de dúbidas.</b>	Equipo TIC / Equipo EDIXGAL	30/06/2023	Documentación, internet, ordenador, aula virtual.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A03.5: Avaliar a formación e realizar un cuestionario sobre futuras necesidades de formación.</b>	Equipo TIC / EDIXGAL	30/06/2023	Internet, ordenador, aula virtual.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

**Táboa 4: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro**

<b>“Área/s de mellora”: INFRAESTRUCTURAS (C1)</b>						
<b>3. OBXECTIVO (1):</b>	<b>Organizar a configuración da rede cableada do centro.</b>				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Direccións IPs dos ordenadores do centro organizadas.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Ordenadores do centro con IPs asignadas de forma aleatoria / desorganizada (o que produce fallos de conectividade por conflitos de IP).					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	100% dos ordenadores do centro cas IPs asignadas de forma organizada.			30/06/2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A04.1: Revisar e rexistrar todas as IPs estáticas asignadas a equipos do centro.</b>	Equipo TIC.	22/12/2022	Folla de cálculo. Ordenadores. Internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A04.2: Planificar unha nova distribución de IPs de xeito organizado.</b>	Equipo TIC.	31/03/23	Folla de cálculo. Ordenadores. Internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A04.3: Cambiar as IPs nos equipos afectados e actualizar o inventario de IPs.</b>	Equipo TIC.	30/06/2023	Follas de cálculo. Ordenadores. Internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

**Táboa 5: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro**

<b>“Área/s de mellora”: INFRAESTRUCTURAS (C2, C8)</b>						
<b>4. OBXECTIVO (1):</b>	<b>Actualizar ou mellorar o equipamento dixital do centro</b>				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC e Equipo directivo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Actualizar ou mellorar dispositivos (de aulas, sala de profesorado e outras estancias)					
<b>Valor de partida (3)</b>	Ordenadores, proxectores ou pizarras dixitais que funcionan mal ou que están obsoletos.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	50% dos dispositivos do centro mellorados ou actualizados.			30/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A05.1: Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital do centro.</b>	Equipo TIC.	22/12/2022	Inventario de equipamento e características.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A05.2: Actualizar e/ou propoñer a renovación do equipamento dixital.</b>	Equipo TIC e Equipo Directivo.	28/02/23	Presupuesto económico feito en función do análise realizado na avaliación anterior.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A05.3: Instalación ou substitución dos dispositivos.</b>	Equipo TIC	30/06/2023	Equipos, discos SSD, proxectores...		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

**Táboa 6: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro**

<b>“Área/s de mellora”: Pedagogía: Apoios e recursos (E)</b>							
<b>5. OBXECTIVO (1):</b>	<b>Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado de ciclos e bacharelato</b>					<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Nº de actividades levadas a cabo co alumnado na Aula Virtual do centro por docente implicado (Instrumento de medida: enquisa aos docentes implicados)						
<b>Valor de partida (3)</b>	Non aplica (sen datos previos)						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	6 actividades realizadas co alumnado na Aula Virtual por docente implicado				30/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>		
<b>A06.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumnado na AV do centro.</b>	Equipo TIC.	22/12/2022	Listado de alumnado, profesorado e materias.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>A06.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes da AV do centro.</b>	Profesorado da materia	31/03/2023	Actividades creadas		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>A06.3: Traballar co alumnado nas actividades creadas.</b>	Profesorado da materia	30/06/2023	Actividades publicadas na Aula Virtual		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		



### Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
  - a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo establecerase a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, reflectirase na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar o citado valor.

### **ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

*Necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos:*

- *Ampliar número de equipos ou renovar equipos obsoletos dos departamentos e sala de profesorado e Biblioteca. (Ordenadores do XUGA 2007 e 2008).*
- *Dotar unha aula de Tecnoloxía con equipos novos, 6 equipos aproximadamente coa finalidade de que o alumnado poida realizar tarefas nos ordenadores.*
- *Renovar equipos dunha das aulas de Informática: os ordenadores que hai agora valen para certas tarefas, pero cando hai que traballar con máquinas virtuais, simuladores ou aplicacións multimedia os equipos van moi lentos.*
- *Dotar a unha das aulas de informática dun proxector e dúas pantallas para ambas as dúas aulas, co obxectivo de completar a dixitalización da aula.*
- *Renovar os equipos das aulas de Debuxo e do laboratorio de química por non funcionar moi ben ou de forma moi lenta.*
- *Adquirir licenza do paquete Microsoft Office para os Ciclos, por estar reflectido o uso de programas privativos nos currículos.*

### 4. AVALIACIÓN DO PLAN

*Para o procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, avaliarase o Plan Dixital:*

- *No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Nestas avaliacións valoraranse os aspectos que teñen que ver co estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.*
- *No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Valorarase o logro dos obxectivos e as propostas de mellora.*

### 5. DIFUSIÓN DO PLAN

*A estratexia a seguir ou o protocolo para a publicidade e difusión do Plan Dixital entre toda a comunidade educativa é como segue:*

1. *Enviar por correo electrónico o Plan Dixital a todo o Claustro e aos membros do Consello Escolar.*

2. *Presentación do Plan Dixital no Consello Escolar de final de curso.*
3. *Aprobalo en Consello Escolar.*
4. *Publicalo na páxina web do instituto.*

## 6. CADRO RESUMO DA INFRAESTRUTURA DE EQUIPAMENTO DO CENTRO

CÓDIGO	AULA	ORDENADOR	PORTÁTIL	PROXECTOR	PDI	IMPRESORA
A-001	Música I		1	1		
A-002	Convivencia		1			
A-003	Sala profesorado	1	3			
A-004	Depto LG	1				1
A-005	Depto FQ & BX	1				1
A-006	Depto XH & LA	1				1
A-007	Depto MU & ECO & REL	1				
A-008	Depto Matemáticas	2				1
A-009	Depto LC	1	1			1
A-010	Depto EF & INF		2			1
A-011	Depto TEC & EA	1				1
A-012	Depto Idiomas	2	2			1
A-015	Despacho Rosa		1	1		
A-101	Lab. Física		1	1		1
A-102	Lab. Química		1	1		1
A-103	Lab. Bio-Geo		1	1		
A-104	T.Tecnología I	8		1		
A-105	3º ESO C		1		1	
A-106	3º ESO B		1		1	
A-107	1º BACH B		1	1		
A-108	DESDOBRE I		1	1		
A-109	1º ESO F		1		1	
A-110	1º ESO E		1		1	
A-111	4º ESO C		1		1	
A-112	4º ESO B		1		1	
A-113	4º ESO A		1		1	

<b>CÓDIGO</b>	<b>AULA</b>	<b>ORDENADOR</b>	<b>PORTÁTIL</b>	<b>PROXECTOR</b>	<b>PDI</b>	<b>IMPRESORA</b>
A-114	1º ESO B		1		1	
A-115	1º ESO A		1		1	
A-116	FPB 2	19		1		
A-117	FPB 1	16		1		
A-118	1º ESO C		1		1	
A-119	1º ESO D		1		1	
A-120	Apoio	1	1			1
A-121	4º ESO E		1		1	
A-201	Dibujo Técnico		1	1		
A-202	Plástica		1	1		1
A-203	1º BACH A		1	1		
A-204	3º ESO E		1		1	
A-205	3º PMAR		1	1		
A-206	3º ESO A		1		1	
A-207	Música II		1	1		
A-208	Informática I	22		1		
A-209	2º ESO F		1		1	
A-210	2º ESO E		1		1	
A-211	3º ESO D		1		1	
A-212	1º BACH D		1	1		
A-213	4º ESO D		1		1	
A-214	2º ESO D		1		1	
A-215	2º ESO C		1		1	
A-216	Informática II	23		1		
A-217	1º BACH C		1	1		
A-218	2º ESO A		1		1	
A-219	2º ESO B		1		1	
A-220	2º PMAR		1	1		
A-221	3º ESO F		1		1	
A-S001	T.Tecnología II		1	1		
A-S002	Desdobre S1		1	1		
A-S006	Desdobre S2		1	1		
B-001	1º C. Medio	23		1		
B-002	2º C. Superior	23		1		
B-003	2º C. Medio	18		1		
B-005	Sala profesorado		1			
B-007	Depto Admin.					

B-009	1º C. Superior	23		1		
<b>CÓDIGO</b>	<b>AULA</b>	<b>ORDENADOR</b>	<b>PORTÁTIL</b>	<b>PROXECTOR</b>	<b>PDI</b>	<b>IMPRESORA</b>
B-101	Desdobre B1		1	1		
B-102	Desdobre B2		1	1		
B-103	Desdobre B3		1	1		
B-104	Desdobre B4		1	1		
B-201	2º BACH A		1	1		
B-202	2º BACH B		1	1		
B-203	2º BACH C		1	1		
B-204	2º BACH D		1	1		
Administración	Administración	2				
Biblioteca	Biblioteca	7		1		
Conserxería	Conserxería	1				
Dirección	Dirección		1			
Orientación I	Orientación I	1				1
Orientación II	Orientación II	1				
Salón de actos	Salón de actos		1	1		
Secretaría	Secretaría		2			
Xefatura	Xefatura	1				
	<b>TOTAL</b>	<b>200</b>	<b>64</b>	<b>37</b>	<b>23</b>	<b>13</b>